

# 1 Basket

NA PRÓXIMA XORNADA

15 marzo 20:00h

OBRADOIRO - ESTUDIANTES

## A POLA COMPOSTELÁ

O Estudiantes júnior masculino viaxará a Santiago para medirse co Obradoiro - Peleteiro nun partido no que os de Ángel Riobóo irán a polo primeiro posto, a polo título da Liga Galega e a polo Campionato de España



101 75

Os celestes teñen licenza para optar a todo en Santiago tras impoñerse a Rosalía cunha espectacular remontada na que exhibiron o seu gran estado de forma

» LIGA GALEGA MINIBASKET

### SHOWTIME DE MARISTAS



Terceira vitoria consecutiva dos colexiais, a última ante Narón, nunha segunda fase na que seguen crescendo como equipo

» LIGA GALEGA JÚNIOR FEMININO

### OS EQUIPOS LUCENSES PRETO DOS PLAY OFF

Enseno e Estudiantes son 2º e 3º respectivamente

83-70 Durán Maquinaria Enseno - Pío XII

59-41 Estudiantes Lugo - Seis do Nadal

todas as fotos da xornada na web [www.liderlugo.es](http://www.liderlugo.es)



# Golpe de autoridade do Ensino no Anexo

## QUE CONTA por vitorias os partidos disputados no 2018

83	70
ENSINO	ROSALÍA
Xogadora	Xogadora
Esther 20	Prieto
Marina 21	Martínez
Núria D. 12	Revenga
María 11	Castro
Carmen 4	Rama
Uxia 2	Pacheco
Silvia 13	Buján
Laura	I. López
Núria B.	Gómez
	Liste
	M. López



Marina, imparable na pintura, co balón entre dúas rivais



Núria Domingo en plena transición ofensiva ante unha defensora

“Victoria muy trabaxada por parte de todo el equipo”

MIGUEL LÓPEZ Durán Maquinaria Ensino

O Durán Maquinaria Ensino imita ao primeiro equipo que compete na Liga Feminina 2, xa que como elas, non coñecen a derrota en todo o que vai de 2018. As sénior puxeron rumbo fixo cara os play off, e as júnior tamén, asentando un novo golpe de autoridade ante o que a día de hoxe sería o seu rival na loita por un posto na final.

As lucenses aínda teñen que recibir a Peleteiro e visitar ao líder invicto, o Celta de Vigo, pero a súa posta a punto segue encadrada a facerse co segundo posto, ser anfitriñas nos play off e lograr o pase para o terceiro Campionato de España consecutivo.

O alto ritmo desde os primeiros minutos e o acerto por parte dos dous equipos, cun bo baloncesto, fixo que se vise unha primeira parte de poder a poder. 18-19 e 23-14 nos dous primeiros parciais, marcados polo dominio de Marina na pintura, onde reboteou e anotou con moita xerarquía.

Tralo descanso o Ensino quixo

poñer terra polo medio con acerto no tiro exterior, e cando non anotaba Marina sacaba proveito con rebote, canastra ou falta.

Con 14 arriba chegouse ao último parcial, controlado polo Ensino, pero no que o acerto no triplo das compostelás maquiou o marcador final, que se quedou en 13 puntos, 83-70.



Ana de Matias cara o aro nun lance do encontro do pasado sábado

## Ensaio en partido oficial

### ESTUDIANTES, con pé e medio nos play-off

59	41
ESTUDIANTES	SEIS DO NADAL
Xogadora	Xogadora
Ana 6	Vilanova
Alejandra 7	Armesto
Núria	Martínez
Sara 13	Adane
Laura	Alfaro
Zeltia 21	González
Adriana 3	Viñas
Marta	Gonzo
Uxia 4	Fernández
Candela 6	Prieto

“Nos faltó un poco de fluidez y ritmo en ataque”

SISE PEINÓ Estudiantes Lugo

en partido oficial fixo que as celestes encarasen o encontro un pouco frías, e iso aproveitárono as visitantes para empezar gañando 0-4. Un espellismo, xa que en canto Estudiantes se puxo o mono de traballo en defensa empezou a despegar no marcador ata o 23-7 co que finalizaron os primeiros dez minutos.

A partir de aí o partido estivo totalmente controlado malia a defensa zonal suscitada polas visitantes que, por momentos, se lle atragantou ás celestes por falta de frescura. Con todo, a diferenza foise ampliando co paso dos minutos ata o definitivo 59-41.

Na próxima xornada Estudiantes visita a Rosalia en Santiago, nun partido no que pode quedar sentenciado o podio da Liga Galega júnior feminina.



Vicente Piñón da instruccións ás súas xogadoras

A primeira xornada das segundas fases da Segunda División júnior feminina no baloncesto lucense ten nome propio, e é Fátima. A recente incorporación do Ribadeo, que debutou este fin de semana coas júnior cuns números impresionantes. Sendo aínda xogadora en idade cadete, foise ata os 33 puntos formando unha parella imparable con Ana Canel na pintura.

Todo isto sucedeu no encontro ante Os Rosales, un partido marcado nos pri-

meiros minutos pola defensa zonal 2-3 das visitantes, que propiciou un primeiro parcial de 9-7. A partir de aí Ribadeo empezou a despegar no marcador cun xogo intenso en defensa e efectivo en ataque, co que asinaron un 24-7 para deixar o marcador ao descanso en 35-14. Tralo intermedio continuou o recital mariño, con Fátima e Ana Canel donas da pintura ao capturar cada unha 18 rebotes.

O Carferlo Viveiro tamén empezou con bo pé, exhi-

## Fátima xa guiou a Ribadeo no debut

79	31
RIBADEO	LOS ROSALES
Xogador	Xogador
Núria 4	Puñal
Aldara	Jiménez
Marina	Moreira
Andrea 7	Arca
Ana Canel 18	Sesar
Sara 11	Dominguez
Fátima 33	
María 6	

“Felicitó a Fátima por jugar un partido impresionante en su debut con el júnior, contagiando al resto del equipo con su energía”

JOSE VÁZQUEZ Ría de Ribadeo

bindo o seu gran estado de forma nun partido que dominaron de principio a fin ante Carballo. A presión a toda pista secou ás visi-

## Viveiro exhibe o seu gran momento

49	27
C. VIVEIRO	B. XIRIA
Xogador	Xogador
Katia	Sara
Celia	Carmen
Ana	Gabriela
India	Nerea
Clara	Clara
Andrea	Ana
Carla	Irene
Marta	Lucía
Iria	
Mireia	

“Lo más importante es que el equipo está trabajando duro por semana y estas victorias animan a seguir haciéndolo”

VICENTE PIÑÓN Carferlo Viveiro

tantes desde o inicio, e en ningún cuarto pasaron dos dez puntos anotados.

O Porta XI Ensino saíu airoso de Betanzos, nun

## A renda inicial foi suficiente

44	52
BETANZOS	PORTA XI
Xogador	Xogador
Díaz	Nicole 12
Sas	Vania 9
Golpe N.	Carlota 8
Golpe J.	Núria 14
González	Andrea 8
López	Paula 1
Latas	Lidia
Sandoval	

“Gran partido con un último periodo para olvidar cuanto antes”

MIGUEL LÓPEZ Porta XI

partido no que puxeron terra polo medio no marcador tras asinar tres bos primeiros cuartos, pero no último deixáronse ir demasiado e Betanzos chegou a meter o medo no corpo cun parcial final de 20-5.

O pleno de vitorias

## Sarria arrinca con bo pé esta fase

47	34
SARRIA	B. CORUÑA
Xogador	Xogador
Paula	Natalia
Clara	Irene
Noa	Laura
Candela	Lidia
Ángela	Carolina
Alexia	Ana
Nerea	Lau
Leire	Paula
Pereiro	Miriam
Alba	Inés
Laura L.	Laura S.
Marta	

“Tuvimos fe en la victoria a pesar de no poder anotar con fluidez”

MAISA María Teresa Dental Sarria

lucenses chegou da man de Sarria, nun partido ante Basquet Coruña no que se impuxeron en todos os parciais por resultados axustados, 13-10 / 9-5 / 10-9 e 15-10, para empezar a segunda fase con bo pé.

\*Anotación individual non facilitada

**+fotos** [www.liderlugo.es](http://www.liderlugo.es) Os mércores, despois de cada xornada, publicaranse todas as crónicas e moitas máis fotos dos encontros disputados

# Júnior masculino > Primeira | Segunda

# Remontada ao grande co liderado no punto de mira

**TRALO 16-27 INICIAL** Estudiantes foi crescendo ata despegar no marcador e impoñerse na primeira das dúas etapas pirenaicas

**“Llegamos al momento clave de la temporada en nuestro mejor momento”**

ÁNGEL RIOBÓO Estudiantes Lugo

<b>101</b>	<b>75</b>		
ESTUDIANTES		ROSALÍA	
Xogador	P. V.	Xogador	P. V.
Andrés	1	Villar	15
Miguel	24	Souto	2
Antón	6	Orejas	
Jacobo	2	López	
Hermida	14	Poza	15
Trabado	2	Sáez	10
Rivas	23	Pérez	
Anxo	12	Harguindey	
Lucas	2	Vieites	15
Iago	11	Valdés	16
Dani	1	Pax	

**+37**

### NOS 3 ÚLTIMOS CUARTOS

Cando peor pintaban as cousas, tralo 16-27 inicial. Estudiantes deu un paso á fronte e gañouse o dereito a loitar polo primeiro posto da Liga Galega júnior masculina ante Obradoiro-Peleteiro en Santiago

taxes no marcador, 16-27 ao finalizar o primeiro parcial.

A partir de aí, Estudiantes, lonxe de virse abaixo, sacou carácter, axustou a defensa e defendeu o perímetro á vez que minimizou perdas, pechou o rebote e correu en ataque para xogar sobre vantaxes. Todo iso ante un dos mellores equipos da categoría e co marcador en contra.

O bo traballo viuse reflectido no electrónico, cun parcial de 18-9 e chegando ao descanso con empate a 47. Pero os de Riobóo non se quedaron aí e foron a máis, dominando con autoridade e impoñendo o seu ritmo ao encontro, imposible de



Antón Lodeiro coa pelota nunha acción de ataque

**15/3 2**

**O 15, XOVES** estará en xogo o primeiro posto da Liga Galega júnior, nun duelo directo entre primeiro e segundo clasificados. Ademais do título galego, o primeiro posto da acceso ao Campionato de España

**PUNTOS DE AVERAGE** ten a favor Obradoiro-Peleteiro tras impoñerse en Lugo na primeira volta, 87-89. Polo que unha vitoria lucense por máis de dous darralle aos de Riobóo o liderado a falta de só 4 xornadas

seguir por parte dun Rosalía que se viu superado. Aos últimos dez minutos chegouse con 74-59, pero Estudiantes era un rodillo e foise por riba dos 100

puntos ante un equipo que recibe 67 de media e cunha exhibición de bloque, anotando todos os xogadores que participaron ao longo do encontro.



Andrés a piques de superar a presión dun contrario



Álex Rivas tras superar a un rival na liña de banda



O celeste Anxo cara o aro ante un xogador compostelán



Guille Rasilla, o máis destacado de Cidade de Lugo



Garabito, 17 puntos, baixo o aro entre tres rivais

O máis destacado da penúltima xornada da Segunda División júnior masculina foi a clasificación do Cidade de Lugo para a segunda fase, polo que os de Adrián González seguen inmersos na loita por recuperar unha praza na Liga Galega a próxima tempada.

Coa vitoria ante Os Rosales chegan á última xornada cunha vitoria máis que Ferrol Baloncesto, ante o que teñen o basketaverage particular a favor.

A primeira fase despedirona en casa, cunha vitoria máis efectiva que vistosa, ao dominar as situacións de cinco para cinco e contraataque para tomar as primeiras vantaxes no marcador, 24-16, que ampliaron no segundo cuarto ata o 36-23 co que se chegou ao descanso.

No terceiro período controlaron o rebote e tiveron rapidez na saída de balón para anotar fácil e sentenciar o encontro cun 20-10 de parcial, permitíndose un exceso de relaxación no último que terminou con 12-13.

### Cidade seguirá na loita polo ascenso

CIDADE LUGO		LOS ROSALES	
70		46	
Xogador	P. V.	Xogador	P. V.
Guille	13	Moreno	1
Alejandro	9	Rodríguez	2
Pablo Mato	14	Núñez	2
Pablo Díaz	22	Carballo	2
Pedro		Pérez	
Fiz		Serra	
Héctor	5	Varela	
Jose		Purriños	
Carlos	2	Valiño	
Ignacio		Legaspi	

**“Partido sin intensidad y con mala actitud en el que nos clasificamos para la segunda fase”**

ADRIÁN GONZÁLEZ Cidade Lugo

Ribadeo, pola súa banda, viuse superado polo líder invicto da Liga, un rival que segue demostrando que é doutra categoría, pero o peor sen dúbida foi a lesión de Marco. No entanto, os de Rubal aguantaron o tirón inicial dos ferroláns, 10-12 mediado o primeiro parcial,

### A lesión de Marco foi o máis negativo

RÍA RIBADEO		B. FERROL	
46		96	
Xogador	P. V.	Xogador	P. V.
Marco	10	Otero	
Alberto	7	Pena L.	
Álex	3	Rey	
Mario Glez	6	Pena J.	
Migui	9	Valiño	
Guatama	4	Aguirre	
Carlos	4	Castro	
Darling	7	Rodríguez	

**“Cando non se pode competir, só queda aprender do rival”**

RUBAL Ría de Ribadeo

pero a partir de aí o líder exerceu a súa condición cunha defensa moi física e con velocidade en ataque para ir desnivelando o marcador pouco a pouco co paso dos minutos ata o definitivo 46-96.

Tamén se levou a vitoria Ferrol Baloncesto do Anexo ante Estudiantes nun partido no que os ferroláns, malia acudir con tan só cinco xogadores, esgotaban as

### O último cuarto dilapidou as opcións

ESTUDIANTES		FERROL CB	
55		74	
Xogador	P. V.	Xogador	P. V.
Garabito	17	Pita	
Andrés	6	Díaz	
Saúl		Pico	
Pablo	2	Fernández	
Esteban	7	Oliva	
Piedracoba	3		
Carlos			
Peña	16		
Jacobo			
Seve	3		
Adrián			
Dani	2		

**“Competimos tres cuartos del partido pero no fueron suficientes”**

SISE PEIÑO Estudiantes Lugo

súas opcións de clasificarse como segundos. Os lucenses estiveron ben en tres cuartos, con acerto no tiro exterior na primeira metade, na que asinaron cinco triplós, e que terminou con 30-32. Mentres que na segunda metade os visitantes foron cada vez a máis e desnivelaron o marcador con dous parciais a favor, 14-21 e 11-21.





Cabezudo realiza un pase presionado por un rival

# Estudiantes sentenciou pola vía máis rápida

**28-14 NUN PRIMEIRO CUARTO** espectacular dos de Pablo Abuín

**“Muy buen partido de todo el equipo en líneas generales”** PABLO ABUÍN Estudiantes Lugo

tos chegou unha lóxica relaxación que aproveitou Allariz para maquillar un pouco o resultado, pero no último cuarto Estudiantes volveu ser moi superior cun baloncesto alegre e moi difícil de parar.



Sergio defende unha acción de ataque de Allariz



O xogador celeste Fran en labores defensivos

85 ESTUDIANTES		66 ALLARIZ	
Xogador	Puntos	Xogador	Puntos
Luis	9	González	
Eloy		Feijóo	
Fran	4	Hervás	
Sergio	2	Bobillo	
Cabe	23	Vasallo	
Baeza	7	Mosquera	
Jorge	13	Cid	
Pedro	5	Rodríguez	
Lucas	18	Camba	
Alberto	4		

Segunda vitoria consecutiva para Estudiantes nas dúas xornadas disputadas nesta segunda fase, na que a próxima cita será a máis esixente, xa que os de Pablo Abuín viaxan a Tui para medirse co único equipo invicto esta tempada na Liga Galega cadete, tras gañar os 14 partidos da primeira fase e os dous desta segunda.

Pero isto será na próxima xornada. O importante agora foi a vitoria ante Allariz, na que os celestes tiveron fases de gran baloncesto para encher o depósito da con-

fianza para viaxar a Tui. Estudiantes empezou cun vendaval ofensivo, cun xogo dinámico e moitísimo acerto no tiro exterior, os lucenses fóronse ata os 28 puntos nos primeiros dez minutos, nos que o ritmo frenético propiciou algunha lagoa defensiva, pero o parcial pechouse cun claro e contundente 28-14.

No segundo cuarto as rotacións celestes mantiveron o mesmo nivel que o quinteto inicial, aínda que Allariz demostrou a súa casta ao non baixar os brazos en ningún momento.

Ao descanso chegouse con máis 16, 44-34. Unha diferenza que aumentou Estudiantes ao comezo da segunda parte coa que deixou o partido sentenciado con diferenzas que roldaron os trinta puntos ao longo do terceiro parcial.

Nos últimos tres minu-



Carlos Baeza, 7 puntos, nunha rápida transición



O marifão Luis iniciando unha xogada á contra

## Bosco despegou moi pronto

**O 10-25 NO PRIMEIRO PARCIAL FOI DETERMINANTE NO ANEXO**

59 ENSINO		86 BOSCO	
Xogador	Puntos	Xogador	Puntos
Catuxa	13	Vadillo	
Nuria	6	Losada	
Carmen L.	7	Dieguez	
Paula		Prieto	
Tania		Alvarez	
Anj		Rapela	
Adriana	2	Carné	
Carmen		Salgado	
Mencia	15	Frada	
Alejandra	14	Díaz	



A ensinista Adriana iniciando un contraataque

**“Un partido en el que no fuimos capaces de competir”** AIGOR ROMO Ensino

O Cafés Candelas Ensino tivo un complicado debut como local na segunda fase, tras perder ante un Bosco Salesianos moi intenso no Anexo, algo que as lucenses nestes momentos da tempada non pode igualar, cos contratempos en forma de ausencias coas que conta Aigor Romo.

Bosco puxo terra polo medio no marcador desde os primeiros minutos cun parcial de 10-25 no primeiro cuarto. Unha renda que resultou determinante, xa que obrigou ao Ensino

a remar contracorrente o resto do partido.

Pese a que no segundo cuarto o marcador foi máis axustado, 14-19, a sensación era de querer e non poder por parte dun Ensino demasiado precipitado en ataque e superado en defensa, chegando ao descanso con 24-44 no electrónico.

Con 20 puntos abaixo,

o Ensino intentou meterse no partido ao comezo do terceiro cuarto cun xogo rápido ante o que Bosco tamén tivo unha boa resposta, 19-21. Xa co encontro visto para sentenza o Ensino intentou maquillar o resultado final nos dez últimos minutos nos que Bosco, crecido polo marcador a favor, volveu ser mellor no Anexo.

## Estudiantes varreu a Carmelitas

**PLENO DE VITORIAS NOS DOUS ENCONTROS DISPUTADOS**

80 ESTUDIANTES		32 CARMELITAS	
Xogador	Puntos	Xogador	Puntos
Eva		Muguerza	
María		Magide	
Carlota		Nogueira	
Ana		González	
Alba		Lima	
Yashina		N. Peña	
Enma		Rodríguez	
Laura		Tourón	
Sabela		A. Peña	
Claudia		Lorenzo	
Laura			
Cristina			

\*Anotación individual non facilitada



Maria Corredoira gañando a liña de fondo no Anexo

Estudiantes mantén o listón alto nesta segunda fase, na que suma por vitorias os dous encontros disputados. Tras gañar na primeira xornada a Franciscanas en Vigo, nesta o conxunto de Fernán Varela varreu da pista a Carmelitas cun claro e contundente 80-32.

Coa intensidade por bandeira e cunha defensa moi intensa en media pista Estudiantes non tardou en abrir oco no marcador, 22-7 no primeiro cuarto e

**“A seguir sumando todas juntas e intentar manternos lejos de las lesiones”** FERNÁN VARELA Estudiantes

21-3 no segundo para levar o resultado ata o 43-10 co que se chegou ao descanso.

Os 33 puntos de vantaxe cos que se iniciou a segunda parte non foron excusa para que Estudiantes baixase o nivel de intensidade defensivo, á vez que tamén man-

tiveron a boa circulación de balón coa que atoparon sempre boas opcións de tiro.

Ao final a diferenza no marcador foise ata os 48 puntos, pero Estudiantes xa pensa na próxima cita que será moi máis esixente, ao visitar a pista do líder, o Celta de Vigo.



# Sprint final polos títulos zonais

O **CB RIBADEO** está a unha vitoria de proclamarse campión do grupo Norte en minibasket masculino tras vencer ao CB Burela nun espectacular duelo directo

O Ribadeo 06 logrou ante o Burela un triunfo crucial na loita que manteñen polo título do grupo Norte de minibasket masculino. A intensidade defensiva e o acerto nos tiros de tres, con 10 tripos, déulles aos ribadenses a vitoria e o basketaverage directo polo que, se lle gañan a Estudiantes na última xornada, serán campións zonais.

### Preminibasket

O club ribadense tamén opta ao título no grupo Norte masculino nesta categoría, onde o CB Viveiro A é o seu maior rival. Os dous gañaron os seus partidos desta fin de semana, e mediranse na derradeira xornada nun duelo directo que pode ser decisivo.

O partido estrela da xornada foi o Estudiantes Violeta-Fingoi, un duelo no máis alto da táboa da Liga feminina. O triunfo foi para as visitantes, lideradas por unha Candela espectacular, pero as estudiantis quedaron co basketaverage directo de cara ao sprint final da primeira fase. O primeiro clasificado será cabeza de serie nos play off polo título provincial no treito final da competición.



Franciscanos - CB Burela



Franciscanos - CB Burela



Estudiantes Vermello - M. Auxiliadora | Raquel González



Cidade de Lugo - Maristas Azul



Estudiantes Vermello - María Auxiliadora



Estudiantes Vermello - M. Auxiliadora | Raquel González

## LISTAS CATEGORIAS SUPERIORES E PROVINCIAIS PUNTOS

Para calquera aclaración ou errata: [redaccion@liderlugo.es](mailto:redaccion@liderlugo.es)

Puntos JÚNIOR MASCULINO			Puntos JÚNIOR FEMININO			Puntos CADETE MASCULINO			Puntos CADETE FEMININO			Puntos INFANTIL MIXTO			Puntos PRE-INFANTIL MIXTO		
Xogador	Equipo	Ptos.	Xogadora	Equipo	Ptos.	Xogador	Equipo	Ptos.	Xogadora	Equipo	Ptos.	Xogador@	Equipo	Ptos.	Xogador@	Equipo	Ptos.
MARCO	RIBADEO	378	MARINA	ENSINO	239	GAUTAMA	RIBADEO	297	IRENE	RIBADEO	384	IKER	RIBADEO	330	ANTÓN E.	BURELA	330
RIVAS	ESTU 1	259	SILVIA	ENSINO	228	M. GLEZ	RIBADEO	293	SARA	RIBADEO	192	HUGO	S. CIPRIÁN	327	JOEL	GALÉN	268
RASILLA	CIDADE	255	SARA	ESTU	200	LUCAS	ESTU	267	MARTA	S. CIPRIÁN	188	JAVI	RIBADEO	294	CRISTIAN	GALÉN	255
TRASEIRA	ESTU 1	246	NÚRIA	ENSINO	194	ADRIÁN	HIERROS	256	ADRIANA	ENSINO 02	183	MARTA	BURELA 04	268	MANUEL M.	GALÉN	251
P.DÍAZ	CIDADE	242	ESTHER	ENSINO	183	DAVID	BURELA	248	C. LEBOREIRO	ENSINO	161	MARIO	S. CIPRIÁN	231	DIEGO N.	BURELA	216
P.MATO	CIDADE	233	ZELTIA	ESTU	150	CABE	ESTU	213	NEREA	ENSINO 03	156	PABLO	CIDADE	225	PABLO	GALÉN	167
ALBERTO	RIBADEO	229	ANA C.	RIBADEO	149	DANI	HIERROS	211	JULIA	S. CIPRIÁN	153	MARÍA	ESTU 2	206	CARLOS B.	BURELA	150
DIOBIS	VIVEIRO	205	IRENE	RIBADEO	133	ÁLEX G.	BURELA	180	KRISTINA	ENSINO 02	142	SAMUEL	CIDADE	200	ÁLVARO F.	BURELA	106
IAGO	ESTU 1	197	MARÍA	ENSINO	101	LUIS	ESTU	179	NURIA	ENSINO	139	JULIA	BURELA 04	186	MARCOS	BURELA	73
ANXO	ESTU 1	196	NATALIA	ENSINO 2	101	IGNACIO	CIDADE	176	CARMEN	ENSINO 02	126	DANI	AXSC	172	LUIS F.	BURELA	64
GARABITO	ESTU 2	181	VANIA	ENSINO 2	94	JUAN	HIERROS	175	REBECA	T. MARIÑA	122	LUIS	S. CIPRIÁN	157	FABIO	GALÉN	58
HERMIDA	ESTU 1	171	MARTA	ESTU	91	ALBERTO	CIDADE	170	CARLA	S. CIPRIÁN	104	JUAN	AXSC	138	DANIEL P.	BURELA	43
M. GLEZ	RIBADEO	133	ANA D.	ESTU	86	MARTÍN	HIERROS	170	NATALIA	ENSINO	102	SANDRA	BURELA 05	135	JOAQUÍN	BURELA	43
MATEO	VIVEIRO	117	NURIA	ENSINO 2	83	PABLO	RIBADEO	137	ALEJANDRA	ENSINO	101	CLAIRE	NSN 04	124	BRUNO	GALÉN	31
MIGUI	RIBADEO	114	NICOLE	ENSINO 2	81	MARIO	ESTU 03	122	MENCÍA	T. MARIÑA	101	MIGUEL	ENSINO	121	MANUEL P.	GALÉN	25
DANI	ESTU 2	101	ADRIANA	ESTU	74	ANDRÉS	CIDADE	111	MARTA	T. MARIÑA	96	ANDRÉS J.	ESTU 04	117	JESÚS	GALÉN	16
ANTÓN	ESTU 1	87	NURIA	RIBADEO	70	SEBAS	ESTU 03	111	LUCÍA	ENSINO 02	93	CAROLINA F.	GALÉN	117	SERGIO	GALÉN	15
ÁNGEL	VIVEIRO	85	MAITE	ENSINO 2	68	JORGE	ESTU	109	IRIA	ENSINO 02	86	ÁLVARO	ESTU 04	116	VENTO	GALÉN	10
PIEDRACOBA	ESTU 2	79	ALEJANDRA	ESTU	63	HUGO	BURELA	97	MAITE	ENSINO	86	IRIA	BURELA 05	116	ADRIÁN	BURELA	5
ANDRÉS	ESTU 1	72	ALEJANDRA	ENSINO 2	58	ÁLEX	AXSC	92	ANY	ENSINO	82	PABLO	ESTU 04	101	RAÚL	BURELA	4
TRABADO	ESTU 1	67	ANDREA	RIBADEO	56	MARIO	HIERROS	88	IRINA	S. CIPRIÁN	81	SAMUEL	AXSC	101	IZAN	BURELA	2
JULIÁN	VIVEIRO	60	LIDIA	ENSINO 2	53	A. PARDO	RIBADEO	86	CATUXA	ENSINO	75	DARÍO	RIBADEO	99	-	-	-
ÁLEX	CIDADE	59	CANDELA	ESTU	52	NICO	CIDADE	85	ALEJANDRA	S. CIPRIÁN	74	SARA	BURELA 04	99	-	-	-
LUCAS	ESTU 1	58	SARA	RIBADEO	50	PEDRO	CIDADE	84	PILAR	ENSINO 03	71	NURIA	BURELA 05	98	-	-	-
BRAIS	VIVEIRO	55	ALDARA	RIBADEO	47	DIEGO	BURELA	83	SABELA	ENSINO 02	66	ROI	S. CIPRIÁN	94	-	-	-
DARLING	RIBADEO	55	CARMEN	ENSINO	47	M. GARCÍA	RIBADEO	82	YANIRA	T. MARIÑA	65	RAMIRO	ENSINO	89	-	-	-
CARLOS	CIDADE	53	CARLOTA	ENSINO 2	45	DAVID	HIERROS	78	ALDARA	RIBADEO	63	ANTÍA	CIDADE	85	-	-	-
JOSE	VIVEIRO	50	NURIA B.	ENSINO	45	PEDRO	ESTU	78	ÁNGELA	S. CIPRIÁN	59	JULIÁN	AXSC	84	-	-	-
GAUTAMA	RIBADEO	49	ANDREA	ENSINO 2	38	SAMU	CIDADE	78	MARTA	ENSINO 03	57	MANUEL	S. CIPRIÁN	84	-	-	-
JACOBO	ESTU 1	47	CARMEN	ENSINO 2	37	RICKY	CIDADE	76	MARÍA	S. CIPRIÁN	54	PABLO	AXSC	84	-	-	-
ESTEBAN	ESTU 2	46	FÁTIMA	RIBADEO	33	JAVI	AXSC	68	ANDREA	RIBADEO	52	SABELA	CIDADE	84	-	-	-

# Continúa o showtime de Maristas na segunda fase, con pleno de vitorias

**OS DE ÓSCAR ENGROBA** impuxéronse nesta ocasión a Culleredo, nun partido marcado pola intensidade dos lucenses ao longo do encontro. Samuel Viño en ataque e David en defensa foron os referentes



Oscar Engroba dá instrucións aos seus xogadores

71			52		
MARISTAS			CULLEREDO		
Xogador	P.	V.	Xogador	P.	V.
Mauro	3		Via		
Néstor	8		Alonso		
Samuel N.			Golpe		
David	4	2	Moretti		
Samuel V.	26	2	Blanco		
Gabriel	4		Martinez		
Alexis	4		Santiso		
Jorge	4		Hernández		
Julián	20		Rivero		
Carlos	2		Gómez		

**“Le doy un diez a todo el equipo, se dejan todo en cada encuentro”**

ÓSCAR ENGROBA Maristas

**+10**

**PUNTOS EN CADA PERIODO**

Maristas tivo unha gran regularidade tanto en defensa como en ataque, pasando en cada parcial da barreira dos dez puntos



Mauro, con tres puntos neste encontro, coa pelota

Maristas segue confirmando que é un dos equipos do baloncesto base lucense que máis progresou ao longo da tempada. Os de Óscar Engroba, á marxe dos resultados que están tamén están acompañando, realizan un xogo intenso e dinámico no que non escatiman un só esforzo.

Ante Culleredo suscitárono o encontro á perfección, conscientes de que se medirían a un equipo moi alto e físico, o plan pasaba por

exercer unha presión a toda pista para que os xogadores interiores non puidesen facer moito dano en ataques estáticos. O plan trazouse e executouse á perfección, xa que Maristas tomou o mando do partido cun parcial inicial de 9-0.

A partir do ecuador do primeiro periodo e durante o segundo chegaron os peores momentos coincidindo coa melloría visitante, que atopou vías para saír da presión local á vez que Maristas, pese a xerar boas

opcións de tiro, tiña baixas porcentaxes no tiro de tres puntos.

Aos poucos os lucenses foron recuperando o pulso en defensa, e en ataque mantiveron a regularidade ao pasar dos dez puntos en cada periodo. Deste xeito chegaron ao descanso con vantaxe, 34-29, pero o mellor aínda estaba por chegar na segunda parte.

Maristas minimizou os erros, pechou o rebote e xogou en bloque. Pero tamén brillaron as individualidades. En ataque apareceu Samuel Viño, imparable para os visitantes, e en defensa David secou por completo ao mellor xogador de Culleredo. Todo iso viuse reflec-

**26**

**PUNTOS SAMUEL VIÑO** imparable durante moitas fases do encontro para Culleredo, mentres que en defensa David, secou ao mellor xogador visitante

tido no marcador con 12-6 no cuarto periodo, 10-6 no quinto e 15-11 no último para asinar o definitivo 71-52 co que Maristas volveu maraviillar ao Anexo.



Julián nun partido desta tempada no Anexo

## A pista de Narón é determinante

**AS CONDICIÓN DA CANCHA MARCARON O ENCONTRO**

102			68		
NARÓN			ESTUDIANTES		
Xogador	P.	V.	Xogador	P.	V.
Iglesias			Brais		
Saá			Martin		
Botana			Pablo		
Fuertes			Mateo		
Prieto			Isma		
Carro			Sergei		
Gómez			Antón		
García			Diego		
Fernández			Dani		
Cove			Mario		

\*Anotación individual non facilitada



Manu nun lance do xogo no partido da primeira fase

**“Muy orgulloso por el esfuerzo de todos los niños en una pista muy difícil. Tenemos que seguir”**

IAGO CASTRO Estudiantes Lugo

Estudiantes volveu comprobar o complicado que é competir nunha pista como a de Narón, onde as dimensións da cancha e os aros, xogan un papel determinante. Unha boa proba diso é que os celestes perderon na primeira fase de 37 puntos en Narón, pero gañaron en Lugo, mentres que nesta ocasión a diferenza foise ata os 34 puntos, 102-68.

De inicio Estudiantes igualou a intensidade

, pero co paso dos minutos Narón foi letal e imparable en ataque, metendo practicamente en todas as posesións pese ao esforzo colectivo dos lucenses en defensa.

Aos poucos a diferenza no marcador foise

facendo insalvable, polo que Estudiantes centrouse en competir da mellor forma posible á marxe do resultado final ante un rival que tan só perdeu un partido en toda a tempada, e foi precisamente en Lugo na primeira fase.

## Estudiantes administra a renda inicial

**A VANTAXE** lograda nos primeiros sextos decidiu un partido igualado

62			70		
BBCA			ESTUDIANTES		
Xogador	P.	V.	Xogador	P.	V.
Álvarez			Laura		
Bores			Ana		
Cotovad			Maria		
Pérez			Paula A.		
Coira			Aroa		
Villar			Daniela		
Dopico			Paula L.		
Morjales			Alma		
Carvajal			Sara L.		
Fernández			Sara G.		
			Daniela G.		

\*Anotación individual non facilitada



Laura Martín viaxará coa Selección Galega a Cádiz

Terceira vitoria de Estudiantes, que sacou adiante un partido tan complicado como previa na cancha do BBCA Praia de Doniños, un rival especialmente complicado na casa.

As lucenses foron todo o encontro por diante no marcador, pero sen despegarse ante un rival que, por momentos, conseguiu dominar o xogo. A renda obtida nos dous primeiros parciais, 6-13 e 4-8,

**“Bien competido por todo el equipo. Encuentros igualados como este nos ayudan a seguir creciendo y mejorando. Enhorabuena a todas”**

GEMMA Estudiantes Lugo

acabou sendo decisiva xa que, o resto do encontro, a igualdade foi case total, 10-9, 16-13, 10-10 e 16-17. Co bo sabor desta vitoria Estudiantes encara as próximas semanas de

parón pola participación da selección galega no Campionato de España en Cádiz. As estudiantís Sara González e Laura Martín formarán parte dese combinado galego.



# Estudiantes estrea a conta na segunda fase

O **DOMINIO DO REBOTE** foi clave na primeira vitoria neste segundo treito do campionato para os de Ángel Riobóo



Manu coa pelota ante a mirada do seu compañeiro Brais



Brais, Manu e Diego defenden un ataque de Allariz

88		65	
ESTUDIANTES		ALLARIZ	
Xogador	P. V.	Xogador	P. V.
Miguel		Varela	
Manu		Robledo	
Ales		Puig	
Oscar		Mosquera	
Brais		Rdquez. P.	
Victor		González	
Diego M.		Bautista	
Diego R.		Pedras	
Gabriel		Rdquez. D.	
Dani			
Brais			

\*Anotación non facilitada

Primeira vitoria de Estudiantes Lugo nesta segunda fase do campionato, na que se estreou

a pasada semana ante Marín Peixegalego.

O dominio do rebote e a facilidade para anotar cerca da canastra servíulles aos de Ángel Riobóo para facerse co triunfo ante Allariz, un rival máis duro do que indica o resultado.

Os dous equipos foron polo partido desde o primeiro momento, con defensas presionantes a toda pista. Estudiantes foise distanciando no marcador grazas ao

**“No ha sido nuestro mejor partido, pero los hábitos adquiridos hasta el momento nos permitieron llevarnos la victoria”**

ÁNGEL RIOBÓO Estudiantes Lugo

seu bo traballo no rebote defensivo, que lles permitiu correr e anotar. Así, os de Ángel Riobóo chegaron ao descanso vinte puntos por riba no marcador tras parciais de 21-16 e 25-10 no primeiro e segundo cuarto.

Tras o descanso, a superioridade física de Estudiantes seguiu marcando o ritmo, con minutos para os xogadores de minibasket Diego Maseda, Diego Rozas, Dani Bao e Brais García, que contribuíron a asegurar a vitoria.



A estudiantis Laura, Ana, Iria e Sara nun tempo morto

## Duelo de campións

**ESTUDIANTES E CELTA** dominaron nas súas Ligas durante a primeira fase do campionato

75		60	
RC CELTA		ESTUDIANTES	
Xogador	P. V.	Xogador	P. V.
Galbán		Lucía	
Martínez		Candela	
Urdiales		Iria	
Costas		L. Martín	
Vázquez		Nerea	
Rodríguez		Naiara	
Aira, C.		Marta	
Valdeviego		Carolina	
Vecina		Carmen	
Aira, S.		L. Mesa	
Godfrey		Sara	
González			

\*Anotación non facilitada

**“Muy contento porque lo intentamos hasta el final”**

FERNÁN VARELA Estudiantes

No segundo as forzas equilibráronse, 17-12 ao final do período. As viguesas marchaban ao descanso con 14 puntos de vantaxe, unha diferenza significativa que Estudiantes afrontou cometendo, sen mirar demasiado para o marcador no terceiro cuarto. O resultado foron uns minutos espectaculares nos que conseguiron igualar o marcador antes do final do terceiro cuarto. Un triple ao taboleiro sobre a bucina mantivo ao Celta por diante. O esforzo pasoulles factura no último cuarto, no que as locais sentenciaron co seu xogo interior.

## O terceiro parcial pesou demasiado

**GALÉN ENSINO** impuxérase nos dous primeiros cuartos no Anexo

56		63	
GALÉN ENSINO		MARÍN PEIXE.	
Xogador	P. V.	Xogador	P. V.
Fabio	6	Álvarez	
Pablo	10	Fariña	
Sergio		Casal	
Manuel M.	11	Díaz	
Cristian	15	Landín	
Joel	12	Estévez	
Jesús		Tomé	
Bruno		Gutiérrez	
		Sánchez	
		Cruceira	
		Casal	
		Parada	



O ensinista Cristian nunha acción de contraataque

**“Competimos de una manera increíble durante todo el partido, pero los nervios del final nos pasaron factura”**

AMIR TABOADA Galén Ensino

usando pases e circulando o balón, o equipo lucense conseguiu ir ao descanso cunha

vantaxe significativa, 33-25.

Na volta á cancha, Marín aproveitou uns malos minutos dos lucenses para facerse co rebote e correr contraataques para darlle a volta ao partido e poñerse con vantaxe por primeira vez no encontro. No cuarto período Galén Ensino pelexou pola vitoria, pero as urxencias e o endurecemento da defensa por parte do equipo rival, impediu que puideran rematar o encontro con mellor resultado.

## Vitoria e boas sensacións para Burela

**OS MARIÑEOS** sentenciaron o encontro con Giraldo no último período

68		79	
GIRALDO		CB BURELA	
Xogador	P. V.	Xogador	P. V.
Rey		Diego	6
Rodríguez		Antón	18
Unanua		Carlos	18
Grande		Marcos	11
Goris		Joaquín	12
Rdquez.		Luis F.	2
Blanco		Álvoro	7
Toura		Daniel	5
Lago			
Bravo			



O burelao Luis lanza a canastra ante Diego

**“Por momentos jugamos un buen baloncesto”** LUIS V. FDEZ. CB Burela

moi físico que impediu que o Burela puidese romper o encontro ata o último cuarto.

Os burelaos foron sempre por diante, pero non conseguiron poñer terra de por medio ata chegar ao derradeiro cuarto, no que profundizaron na súa proposta de xogo. O mariñeos

subiron liñas, roubaron balóns e anotaron en transicións rápidas, levando a diferenza ata os 20 puntos. Nos minutos finais, Giraldo maquiou o resultado.

O CB Burela ten xornada descanso a vindeira fin de semana. Na volta á competición, terán que medirse co Tui.



+fotos [www.liderlugo.es](http://www.liderlugo.es) Os mércores, despois de cada xornada, publicaranse todas as crónicas e moitas máis fotos dos encontros disputados

## Infantil masculino e feminino > Primeira División

# Estudiantes recurriu á forza do grupo para remontar no treito final

**PRIMEIRO ENCONTRO DA SEGUNDA FASE**, no que pese a ser irregulares, os de Javi Peinó sacaron a súa mellor versión nos últimos minutos, nos que xogaron o seu mellor baloncesto

**“Nuestros buenos momentos de partido son de gran nivel, cuando perdemos la concentración lo pagamos”**

JAVI PEINÓ Estudiantes Lugo

<b>72</b>	<b>76</b>
<b>TUI</b>	<b>ESTUDIANTES</b>
Xogador	P.
Bejar	Garabito
Sampil	Álvoro
Gómez	Dani
Lela	Iago
Castro	Alex
Madrugá	Juan
Carballo	Jorge
Sánchez	Germán
Piñeiro	Rafa
Ilina	Durán

**6/1**

**VITORIAS - DERROTAS**

Estudiantes é líder da segunda fase e na próxima xornada recibirá a un Seis do Nadal que conta con catro vitorias e tres derrotas



O xogador celeste Iago nunha acción de ataque estudantil na pista do Anexo

\* Anotación individual non facilitada

Estudiantes fixo borrón e conta nova tras despedir a primeira fase da Liga Galega infantil masculina con dúas derrotas. Pero esta segunda fase é outra aventura na que os celestes queren volver demostrar que son o mellor equipo de Galicia.

Durante moitos momentos do encontro demos-

trárono nunha pista e ante un rival tan complicado como Tui, pero ao longo dos corenta minutos tamén apareceron algunhas lagoas tras perdas de concentración en fases do encontro que fan a Estudiantes máis vulnerable.

A posta en escena foi brillante, cun xogo colectivo en ataque imposible de frear por Tui, buscando sempre a mellor opción en favor do

compañeiro, mentres que en defensa a intensidade na primeira liña dificultaba a circulación de balón dos locais. Todos isto viuse reflectido no marcador con primeiro parcial de 13-24.

No segundo cuarto Estudiantes foi máis irregular, defendeu e atacou peor, abusando do bote e ralenizando a circulación. Con todo, Tui só puido recortar un pouco as diferenzas, que

se quedaron en máis dez a descanso para os celestes. Xa na segunda parte unha boa posta en escena dos lucenses levou a diferenza ata os 15 puntos, pero lonxe de baixar os

brazos, Tui mantívose vivo e aproveitou os despistes de Estudiantes nos últimos tres minutos do terceiro cuarto, nos que os locais roubaron catro balóns e anotaron dous triplos nas dúas últimas posesións para darlle a volta ao marcador e encarrar os últimos dez minutos con dous puntos de vantaxe.

Cando peor pintaban as cousas para os celestes, Estudiantes sacou o seu xene gañador e tomou as rendas do partido, cunha vantaxe máxima de sete puntos neste último cuarto no que Tui exprimió as súas opcións cun último arreón no que se chegou a poñer a un punto a falta de minuto e medio, tempo no que Estudiantes xogou coa cabeza fría para saír airoso dun partido duro, pero no que os de Javi Peinó, por momentos, recuperaron o seu mellor baloncesto.

## O sprint final é o camiño a seguir

**ESTUDIANTES** acusou a irregularidade nas postas en escena

<b>64</b>	<b>55</b>
<b>BOSCO</b>	<b>ESTUDIANTES</b>
Xogador	Xogador
Losada	Irene
Cotelo	Carla Abelló
Prieto	Candela
Pereira	Enma
Pérez	Anxela
López	Adriana
Sotelo	Carla Glez.
Díaz	Lian
Ventura	Marta
Antolin	Carmen
	Claudia
	María



Lian defendendo con intensidade a unha xogadora rival

\* Anotación individual non facilitada

Estudiantes sufriu o seu primeiro contratepo na segunda fase tras perder ante un Bosco Salesianos máis intenso ao comezo de cada parte, mentres que as lucenses tan só ofreceron a súa mellor versión nos dez últimos minutos.

Ata entón, o partido comezou marcado pola maior intensidade das locais, tanto en defensa como en ataque. Estudiantes viuse desbordado en defensa ante o acerto de Bosco, e en ataque os tiros eran precipitados tras malas tomas de decisión, desencadeando nun 20-11 de parcial inicial. No segundo, sen chegar a

**“Hay que competir los cuarenta minutos y nosotras solo hemos competido en el último cuarto. Así, no llegaremos lejos”**

JULIA PENA Estudiantes Lugo

estar do todo ben. Estudiantes igualou en intensidade, sobre todo defensiva, xa que en ataque, pese a mellorar, tamén as porcentaxes de acerto volveron ser baixas.

13-11 no segundo parcial para chegar ao descanso con 33-22.

De novo ao comezo da segunda parte a Estudiantes custoulle arrincar, e iso ante un rival enchufado págase cun parcial de 21-10 que deixaba a diferenza en 22 puntos. Con todo, nos últimos dez minutos as de Julia Pena sacaron todo o baloncesto que levan dentro e chegaronse a poñer a cinco puntos con posesión. O balón non quixo entrar e a remontada quedouse en intento, pero Estudiantes marcou o camiño a seguir nestes última dez minutos de gran baloncesto.

## Gran versión nun complicado debut

**O ENSINO CAEU EN PONTEVEDRA ANTE O LÍDER, ARXIL**

<b>64</b>	<b>49</b>
<b>ARXIL</b>	<b>ENSINO</b>
Xogador	Xogador
Da Silva	Sabela 15
Medina	Silvia 6
Lesias	Candela 2
Barreiro	Leyre
Boo	Cristina 3
Rosales	Lorena 5
Arosa	Lucía 12
Coladas	Rebeca 4
Sánchez	
Orozco	



Adrián González dando instrucións ás súas xogadoras

O Cafés Candelas Ensino ofreceu unha gran imaxe no primeiro encontro da segunda fase, no que as de Adrián González visitaron a pista do mellor equipo deste grupo. Un Arxil con xogadoras moi físicas e que, pese a quedarse ás portas da clasificación para o Galego, é un conxunto con potencial para estar no grupo A.

Pese a iso, as lucenses plantaron cara cun gran traballo defensivo desde o inicio e cun xogo colectivo en ataque que provocaba un goteo constante de puntos. Todo iso viuse reflectido no 15-15 co que finalizou o primeiro parcial e co 15-18 do segundo,

**“Un gran partido disputado por un grupo de jugadoras increíble”**

ADRIÁN GONZÁLEZ Cafés Candelas Ensino

que deixaba ao Ensino por diante no marcador ao finalizar a primeira parte, 30-33, tras un segundo parcial no que as lucenses pelexaron por cada balón e deron o máximo en cada acción defensiva.

Xa na segunda parte o esforzo lucense continuou sendo de mérito, pero co paso dos minutos o físico das locais íase impondo ata pechar o terceiro parcial cun 16-8 co que Arxil

chegou con máis cinco aos últimos dez minutos.

Un bo inicio de último cuarto das locais fixo que se fosen no marcador cunha diferenza insalvable para o tempo que quedaba, pero iso non eclipsou o gran partido, sobre todo en compromiso, que realizou o Ensino en Pontevedra.

Porriño será o próximo rival das de Adrián González no primeiro partido no Anexo nesta segunda fase.



CAMPUS ALEX LLORCA

# 3<sup>ª</sup> ed. CAMPUS ALEX LLORCA

## 9 ó 15 XULLO 2018



DIRECTOR TÉCNICO



MATEO RUBIO

### LUGARES

Pazo dos Deportes Lugo  
CE Santa María  
Piscinas Municipales



@CampusLlorca



Campus Alex Llorca



@Campusalexllorca

3 POSIBILIDADES DE INSCRIPCIÓN  
Régime externo, semiexterno e interno

### WWW.CAMPUSALEXLLORCA.COM

+ info: [campusalexllorca@gmail.com](mailto:campusalexllorca@gmail.com)

